

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ESTE SÁBADO, SESIÓN DE VIDEOPOEMAS

Poemas para ver e oír no Ateneo pontevedrés

O Ateneo de Pontevedra reúne este sábado 24 de febreiro no Centro Social Caixanova a algúns dos principais representantes galegos da creación videopoética, nunha xornada de intercambio de experiencias e proxección de obras. De 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 19.00 poderemos mirar e escoitar poemas de Yolanda Castaño, Antía Otero, Estevo e Davide Creus, Leticia Costas, María Lado e Lara Baceo. Estas dúas son, ademais, as condutoras do evento. Aquí podemos gozar da primeira parte do documental de Lara Baceo, *Os ollos da cidade*:

- 08:47 23/02/2007

Versos a 25 fotogramas por segundo. A tecnoloxía posibilita novas canles e formas de expresión para a poesía. Autoras como [María Lado](#), [Antía Otero](#) e máis [Sara Jess](#), que prefire ser coñecida por este seu pseudónimo cibernético, teñen unha actividade regular na rede por medio de cadanseu blog. A fotografía, o deseño gráfico, o son e o vídeo son ferramentas importantes no seu traballo creativo.

Ao longo desta xornada poderemos ver *O vídeo da egoísta*, de Yolanda Castaño; vídeo gañador do

Festival de Curtametraxes do Concello de Santiago Compostela Curtocircuíto 2004 na sección de videocreación; o documental *Os ollos da cidade*, de Lara Baceo; *A miña vida é unha caixa de zapatos*, do que Leticia Costas é protagonista e realizadora; *Extremas* e *Sombras 06* de María Lado, e tamén traballos de Antía Otero, e Estevo e David Creus. O día rematará cunha festa recital no Jazz Club Night and Day ás 23.30, cita na que tamén participarán [Pepa](#) Yáñez e Davide Salvado, [Lucía](#) Aldao e [Estibaliz](#) Espinosa.